



TRA-LO VIDRIO DA RETINA

VI. CONCURSO DE CUENTOS REPSOL S. A.

PRIMER PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autora: **María Olga Novo Presa**

ANO 1993

A alameda en outono está coa súa alfombra parda máis orgullosa ca nunca...

Tiña o costume de levar sempre unha pluma desas vellas que xa ninguén usa e un papel medio enrugado no peto, por aquilo da inspiración melancólica por Santos. O fotógrafo achegouse. A súa boina capada semellaba un farrapo raído cubrindo sabe Deus que enxeño de emoción paralizada.

Aqueles aparatos producíanme a sensación case mística de viaxar no tempo, inda que só fose un intre.

Si, de certo a alameda está preciosa, ¿non cres? No outro recanto, preto da fonte onde décadas atrás trataban os feirantes, unha parella acurrucada debuxaba siluetas ignotas.

E algún can lagañoso uliscaba o finísimo piso dos zapatos mal amañados do fotógrafo.

Nada interesante á miña pluma. De lonxe distinguíanse retratos de sombras clarescuras pegadas a modo de modelo na dianteira da cámara.

Fúnme achegando, deixandome levar pola curiosidade. Non sei por que me parecía divertido fita-los modelos, e aínda máis, imaxinarlles unha vida e unha historia pouco convencionais.

Incluso ás veces o fotógrafo contaba dunha bela señorita da dianteira esquerda que fora non sei quen da corte de Portugal que viñera casar cun curmán seu de Tor.

Eu ría ou non. Enterneciáame o seu decidido intento por convencerme de cada ilusión que o seu parecer lle daba creto. Así foi que aquela tarde outoniza, había, adheridas pó e chuvia, dúas fotos diferentes e tan contrapostas que me chamaron a atención: unha semellaba unha caricatura de enterro e outra... nesta dificilmente se distinguía a unha xove nai co seu cativo entre os brazos.

Seguindo eses pulos, que sen saber obrigan a un e listo, collín a pluma, desenruguí o papel amarelado cal pergamiño e, simplemente debuxei ó meu xeito as dúas fotografías, desenruguí a miña fantasía e coma cada tarde, imaxinei a aqueles seres unha vida ou unha morte, pouco convencionais.

Foto 1:

Cando abriu lento pero firme os ollos afundidos na cova da morte, a fiestra estaba aberta. Aquela mañá outoniza, ela deixáaraa aberta, pero logo dos castiñeiros o sol non ousaba penetrar, quizais por mor dos ourizos desafiantes púa a púa.

O cheiro a igrexa fría e cirio queimado introducíase no nariz dun xeito irremediabilmente irresistible.

Esa claridade que reflicte a herba verde, moi verde, era a que se sopeitaba fora. E dentro, o cuarto empapelado e decorado cun estilo sobrio, de marrón escuro, de humidade fedorenta. Un día perfecto incluso para morrer.

O teu cadaleito, brillante ó atardecer, erixíase resplandecente sobre os ombreiros dos mortais, ¿entristecidos?...

E empoleirado sentiríase cáseque superior, ¡ti estabas morto! A sensación de incertidume gañaríate por momentos, decátase, ¡A punto xa do limbo, entre a terra e o ceo! Por un buraco pequeno que o estafador da funeraria tentara disimular, ollarías (¡quen sabe!), ata congoxado ós teus sobrevivintes ¡canto entroido enloitado, canta elegancia de pranto!

Coma privilexiado, acomodaríašte pausadamente, no teu lene caixón alfombrado de rosa rechamante. E ó escoitar ó abade pregando ó ceo pola túa ánima... ¡Así é a vida!, ou digamos, a morte.

...o murmurar disimulado das vellas agrupadas banco a banco debuxarán padre-nuestros en teima rutinaria.

E ti, alí dentro, mollarías a almofada con catro bágoas ó ver a túa muller e a túa filla, illadas da escea, sen atender ás acotacións por riba, sen sabe-lo seu papel, desconcertadas.

Todo arrecendería a flores, a incenso e a cemento recién amasado.

No momento dos aplausos, houbo silencio. No momento do adeus, houbo inquedaanza, nerviosismo, estoupido feroz e ansia de vivo, ¡pulo de voltar, sair da caixa sen completa-la obra!

Non non... moi tarde, porque el xa estaría morto, lonxe do seu cuarto empapelado, do olor a cirio e a sospeita de herba verde, trala fiestra aberta; aquela que eu mesma deixara aberta nunha mañá outoniza.

Foto 2:

O neno abriu os ollos. Non ousou chorar. Creo que percorreu en círculo os ollos dos descoñecidos.

A nai tiña os brazos quentes, maternalmente quentes. Fóra, o outono resplandecía encol do resío na herba verde. O mundo respiraba con dificultade.

Pero fóra, aquí neste recunchiño illado, os tonos marelos e verdes do choupo negro no campo, confundíanse coa palidez dos choupos en Santos.

Un silencio maternal de terra quente, de humidade densa, de caladiño e perpetuo resplandor na tarde. E os paxaros cos seus ecos perturbados, soen rompe-la chuvia, rompe-lo negro do silencio e o silencio da chuvia e o negro.

O neno pechou os ollos.

Caen os ourizos dos castiñeiros sobre os cantazos esculpídos do camiño e supóñense melancolías tenras e ácidas.

A curvatura da paixase, solemme berce.

O neno ó ve-lo peito immaculado da nai, chucha del a vida intensamente e deslízase o leite meixela abaixo mentres coa súa man pequerrechiña apreixa a brancura primeiriña da súa esencia.

E comenza a chover, con barbañar enorme de bágoas recentes. Enfría a terra.

As pedras irregulares do morno lar na aldea, péganse ben fortes, con barro dos camiños que tripo decote.

O estrume nos leiros e no cortello.

O neno medra, a pureza desfeita, ¡a terra calcinada!
Un cadro impresionista enriba da curvatura da paisaxe.

O neno pecha os ollos, xa non chucha do peitiño esquecido da nai: os sons guturais preceden a berros espantosos, cando se roza a luz, se despegan as pestana e se descobre o berce desfeito e táboas podrecidas.

Rodeei ben o pescozo coa bufanda, ó fin, xa entra o inverno.

O fotógrafo inmortalizábate no fondo da alameda.

Mañá ben cediño, quizais se queda tinta poida debuxar de tí, calquiera cousa.

Funme abrindo paso entre a follaxe parda, na casa agardábame un berce e un cadaleito.